

AS COOPERATIVAS DE CAPITAL MIXTO.

Anxo CASTRO RODRÍGUEZ.

Federación Sinerxia.

Propónse a figura legal de Cooperativa de Capital Mixto como unha figura que permite obter capitais permanentes, non variables, para a cooperativa. Sinalase a súa consistencia cos principios cooperativos -coa excepción, acaso, de cando a aportación de capital estea vinculada a algumha forma restrinxida de voto- e a posibilidade de desbloquear as limitacións que veñen presentando as cooperativas polo lado da atracción de capitais.

A cada día maior necesidade de recursos financeiros por parte das empresas cooperativas leva ó plantexamento de novas formas de captación de recursos por parte das nosas sociedades.

Ata agora na lexislación cooperativa estatal a captación de Recursos Permanentes ou Fondos Propios está ligada á pertenza persoal xa sexa como socio ou como asociado á cooperativa. Quedando deste xeito ligada a capacidade financeira autónoma á variabilidade do número de socios ou asociados polo principio de portas abertas. Así na propia definición de cooperativa de Lei Xeral de Cooperativas 3/1987 de 2 de abril se di "Las cooperativas son sociedades, que con capital variable...". Pero chega un momento no que a capacidade de aportación de financiamento por parte dos socios queda esgotada. Así se produce un efecto funil nas posibilidades de crecemento productivo ou de espallamento de mercados que virá marcado pola capacidade de aforro dos propios socios.

Nos principios cooperativos non hai ningunha mención expresa a necesidade de que o capital sexa somentes aportado polos socios e sí que se fai mención ó capital como un medio non como un fin.

Tendo en conta estas consideracións non debería haber ningún inconveniente para que unha parte do capital social, sexa cal sexa a tipoloxía da cooperativa, non estivese en mans dos socios que son quen detentan a capacidade de decisión e xestión da sociedade.

Esta parte do capital social viría representado en títulos ou anotacións en conta e sometido a lexislación reguladora do mercado de valores. Isto permitiría ós posuidores destes títulos a súa transmisión en calquera momento e así a

recuperación dos capitais investidos. O prazo do investimento viría dado pola vontade dos investidores en función das leis de oferta e demanda de capitais. Ó mesmo tempo isto permírtiríalle ás sociedades cooperativas acadar un nivel de recursos propios non variables que nivelase o equilibrio entre investimentos e financiamientos. Tamén serviría esta parte de capital fixo como garante para a obtención de recursos alleos nos mercados bancarios, non tendo os socios que presentar garantes persoais que levan a anulación da responsabilidade limitada á aportación de capital.

A forma de facer atractivos estes investimentos debería vir determinada pola Asemblea Xeral da cooperativa, tendo en conta as seguintes variables:

- Remuneración: A retribución de estos capitais pode ser fixa, variable en función dos resultados ou mixta.
- Dereito de voto: Poden dar lugar ou non a unha porcentaxe de voto nas Asembleas Xerais da cooperativa.

En principio parece lóxico que se supeditamos unha parte ou a totalidade da remuneración dos capitais cedidos á cooperativa á obtención de excedentes pola mesma os posibles investidores desexarán ter dereito a asistir e participar na toma de decisións como mecanismo de control para asegurarse o maior rendemento posible.

A obtención de excedentes acarreta o pagamento de impostos e a dotación de fondos obligatorios que pode non ser o mellor medio para financiar a cooperativa.

O pago de un tipo de interese fixo será atractivo para os investidores sempre e cando superemos o interese de referencia marcado polo mercado bancario de prazo fixo e a rendibilidade de referencia da debeda pública no Mercado Secundario de Valores.

Unha taxa de xuro invariable suporá cargar á sociedade cooperativa cun custo fixo independente da súa marcha económica acentuando o nivel de perdas nas épocas de crise.

O poder final de decisión debe estar sempre en mans dos socios das cooperativas. Non se debe romper o principio de igualdade de dereitos e obrigas polo feito da aportación de capital á cooperativa. Este principio poderíase romper se os investidores os que lle damos capacidade de voto, áinda que esta sexa reducida, na Asemblea son parte dos socios da cooperativa. Teríamos así socios con dereito de voto pola condición de socio e outros socios cun dereito de voto adicional pola súa condición de investidor.

De calquera xeito debe ser a decisión do órgano máximo de expresión da vontade social, a Asemblea Xeral, a que determine estes termos xa que no mundo empresarial non existen solucións únicas nin aplicables en tódolos casos.

Creo que sería unha ferramenta moi útil de financiamento cooperativo pero unha vez máis hai que dicir que as ferramentas deben ser usadas para aplicar se-

gundo a súa concepción. Neste caso trátase de financiamento permanente polo tanto seguindo as teorías de Equilibrio de Balances non deberan ser empregadas para fianciar investimentos a moi curto prazo nin para facer fronte á compensación de perdas do exercicio.

SUMMARY: The legal figure of Co-operative of Mixed Capital is proposed as a figure that permits the obtaining of permanent, non variable capital for co-operatives. It's consistency with co-operative principles is pointed out —with the exception, perhaps, of when the contribution of capital is linked to some form of restricted vote— and the possibility of unblocking the limitations that cooperatives present in the way of attracting capital.



FUNDACIÓN GALICIA - EUROPA

EN EUROPA Ó SERVICIO DE GALICIA

A **Fundación Galicia - Europa** é unha institución privada sen fins lucrativos, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento de Galicia a Europa e viceversa.

En particular ten como obxectivos lograr un maior grao de formación e información da sociedade galega nas cuestións relativas a Europa e ás súas institucións, por un lado, e canaliza-la xestión e promoción de intereses galegos en Europa, por outro.

O seu órgano de representación, goberno e administración é o Patronato, presidido polo Presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros da Fundación.

ENTIDADES MEMBROS

- XUNTA DE GALICIA
- BANCO PASTOR
- GAIXA GALICIA
- CAIXA OURENSE
- CAIXA PONTEVEDRA
- CAIXAVIGO
- CÁMARAS GALEGAS DE COMERCIO
INDUSTRIA E NAVEGACIÓN

OFICINA EN GALICIA

Rúa dos Feáns, 5 - baixo
Teléfono (981) 54 10 12
Fax (981) 54 10 13
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

OFICINA EN BRUXELAS

Avenue Milcamps, 105. 1040
Telf. 3 - 22 - 735 54 40
Fax 3 - 22 - 735 46 78
BRUXELAS